

Conta comigo, Señor

Hoxe, Señor, preséntome ante ti con todo o que son e o que teño.

Acudo a ti como persoa necesitada... porque sei que en ti atoparei resposta.

Desexo poñerme diante túa cun corazón aberto como o de Andrés, Xoán ou Simón, cos ollos fixos en ti, ás 4 da tarde, esperando que me dirixas a túa Palabra e depositando a miña vida nas túas mans. Desexo poñerme diante túa como Samuel, cos oídos e o corazón dispostos a escoitar a túa vontade. Que queres de min Señor?

Queres que sexa un discípulo teu para anunciarte no medio deste mundo? Farei o que me pidas. Se me queres para anunciar o teu Reino, conta comigo, Señor. Se necesitas a miña colaboración para levar a todas as persoas coas que me atope cara a ti, conta comigo, Señor.

Se me chamas a ser testemuña túa dunha forma máis radical como consagrado, conta comigo, Señor. E se estás con desexos de dirixir a túa Palabra aos meus oídos e ao meu corazón, "fala, Señor, que o teu servo escoita".




¿Dónde vives?

aquí



**Xesús chámanos:
"vinde e veredes"**



Vídeo de Infancia misionera 2024: "Comparto lo que soy": <https://youtu.be/watch?v=R77B581kNnl&t=7s>

Ordinario 2º

• I SAMUEL 3, 3b-10. 19: *Fala, Señor, que o teu servo te escoita.*

Naqueles días, Samuel estaba deitado no templo do Señor, onde se atopaba o Arca de Deus. Entón o Señor chamou a Samuel. Este respondeu: «Aquí estou». Correu onde estaba Elí e díxolle: «Aquí estou, porque me chamaches». Respondeu: «Non te chamei. Volve deitarte». Foi e deitouse. O Señor volveu chamar a Samuel. Levantouse Samuel, foi onde estaba Elí e díxolle: «Aquí estou, porque me chamaches». Respondeu: «Non che chamei, meu fillo. Volve deitarte». Samuel non coñecía aínda o Señor, nin se lle manifestou aínda a palabra do Señor. O Señor chamou a Samuel, por terceira vez. Levantouse, foi onde estaba Elí e díxolle: «Aquí estou, porque me chamaches». Compreendeu entón Elí que era o Señor o que chamaba ao mozo. E díxolle a Samuel: «Vai deitarte. E se che chama de novo, di: “Fala, Señor, que o teu servo escoita”». Samuel foi deitarse no seu sitio. O Señor presentouse e chamou como as veces anteriores: «Samuel, Samuel». Respondeu Samuel: «Fala, Señor, que o teu servo escoita». Samuel creceu. O Señor estaba con el, e non deixou que se frustrase ningunha das súas palabras.. *Palabra do Señor.*

• SALMO 39: R/. Aquí estou, Señor, para facer a túa vontade.

• I CORINTIOS 6, 13c-15a. 17-20: *Os vosos corpos son membros de Cristo!*

Irmáns: O corpo non é para a fornicación, senón para o Señor; e o Señor, para o corpo. E Deus resucitou o Señor e resucitaranos tamén a nós co seu poder. Non sabedes que os vosos corpos son **membros de Cristo**? O que se une ao Señor é un espírito con el. Fuxide da inmoralidade. Calquera pecado que cometa o home queda fóra do seu corpo. Pero o que fornicación peca contra o seu propio corpo. Seica non sabedes que **o voso corpo é templo do Espírito Santo**, que habita en vós e recibistes de Deus? E non vos pertencedes, pois fostes comprados a bo prezo. Por tanto, glorificade a Deus co voso corpo! *Palabra do Señor.*

• XOÁN 1, 35-42: *Viron onde vivía e quedaron con el.*

Narrador: Naquel tempo, estaba Xoán Bautista con dous dos seus discípulos e, fixéndose en Xesús que pasaba, díxolles:

Xoán Bautista: «Este é o Año de Deus».

Narrador: Os dous discípulos oíron as súas palabras e seguiron a Xesús. Xesús volveuse e, ao ver que o seguían, preguntoulles:

Xesús: «Que buscades?».

Narrador: Eles contestáronlle:

Andrés: «Rabí (que significa Mestre), onde vives?».

Narrador: El díxolles:

Xesús: «Vinde e veredes».

Narrador: Entón foron, viron onde vivía e quedaron con el aquel día; era como a hora décima. **Andrés, irmán de Simón Pedro**, era un dos dous que oíron a Xoán e seguiron a Xesús; atopa primeiro ao seu irmán Simón e dille:

Andrés: «Atopamos ao Mesías (que significa Cristo)».

Narrador: E levouno a Xesús. Xesús quedóuselle mirando e díxolle:

Xesús: «Ti es Simón, o fillo de Xoán; ti chamaraste Cefas (que se traduce: Pedro)».

Palabra del Señor. (Narrador-Xoán Bautista-Xesús-Andrés).



Xesús chámamos: “vinde e veredes”

1. VER: Cantas chamadas!

- Recibimos constantes chamadas da familia, dos amigos, na clase, no xogo. Algunhas fannos especial ilusión. Algunhas cambian mesmo a nosa vida. Todas son importantes e hai que responder.

Hai algunha chamada que foi importante para ti? Por que?

2. XULGAR: Xesús chámame: “ven e verás”

- No evanxeo deste domingo, Xoán Bautista presenta Xesús a Andrés e a outro discípulo. **Eles foron xunto a Xesús a ver que facía e el díxolles: “Vinde e veredes”. Seguirono inmediatamente.** “Eran as 4 da tarde”, lembran, porque lles cambiou a vida. Logo eles mesmos presentaron a Simón a Xesús, que tamén o seguiu... Na 1ª lectura o mestre Elí axuda a descubrir a voz de Deus que chama a Samuel para que lle responda: **“Fala, Señor, que o teu servo escoita**

Os primeiros discípulos, película: <https://youtu.be/8U-TqdL74bc>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS? Hoxe Xesús chámamos.

- **Xesús segue hoxe necesitando de nós:** ve que ao noso lado hai problemas, dificultades, carencias, sabe que os misioneiros necesitan colaboradores, ve que moitos se esqueceron de El...

- **Xesús quere formar un equipo** no que El sexa o capitán, quere cambiar o mundo, facelo mellor.

- **Hoxe pasa ao noso lado e se o vemos preguntanos:** queres ser dos meus? Queres axudarme?

- **Se lle respondemos que si,** El diranos que necesita de nós para ser como Xoán que axudou a Andrés a seguilo, ou como Elí que axudou a Samuel a escoitalo. Que anunciemos a Xesús no noso barrio, no cole, na casa, para que outros oe recoñezan.

- **E iremos cos ollos abertos e a mirada nova** para facer a vontade de Deus como Samuel axudando a un amigo, sendo a súa testemuña, axudando na casa, poñendo alegría ao meu redor, levando a Xesús...

Domingo 2º Ord-B, explicación “Cousas de Deus”: <https://youtu.be/gDQmBuK4e0c>

A quen buscas?, Verbo divino 2024, reflexión: <https://youtu.be/5vR0xB1K7sM>

Que te esixe a chamada de Xesús? Que che vai dar?

3. ACTUAR: Acompaña a outros a Xesús

- Sé agradecido coas persoas que che faloron de Xesús, os que te acompañan na fe e axuda a outros a ir con El. Busca algún momento ao longo do día para pasalo con Xesús comunicándote con el: ora co evanxeo, visítalo... E sobre todo lembra o que di aquela canción: “é imposible coñecerte e non amarte, amarte e non seguirte, seguirte e non anunciarte”.

Que estás disposto a facer?

Me has seducido Señor, Kairoi, canción https://youtu.be/watch?v=rrxT8_YQZL4